

O PRESENTADOR DA SEXTA CONDUCIRÁ ESTE DOMINGO A GALA DOS PREMIOS DO CINE ESPAÑOL

Buenafuente: “Botarei en falta a Almodóvar”

Andreu Buenafuente disfrazarase de presentador mañá para conducir a gala dos Goya 2010, que se celebrará no Palacio Municipal de Congresos do Campo das Nacións de Madrid. O *showman* farase cargo dunha cerimonia na que o “ADN será o factor sorpresa”. No seu papel neutral de rostro da entrega de premios do cinema español, Buenafuente non se molla á hora de facer quinielas de favoritos, pero si reconece que botará en falta a Pedro Almodóvar.

O humorista non fai apostas de que película será a gañadora da noite. “Teño os meus gustos como espectador de cinema e as quinielas

moitas veces sorprenden”, afirma Buenafuente. Pero si reconece que botará en falta a presenza de Almodóvar, que este ano tampouco acudirá á cerimonia, como confirma a súa produtora El Deseo. “O cinema español debería, por como está todo, facer un gran pacto de reconciliación absoluta e estar máis unido”, opina “modestamente”.

Centrándose no seu traballo como mestre de ceremonias, sinala que loitará por facer un espectáculo televisivo. “O meu papel será dinamizar ao máximo e que o espectador se relaxe. É unha noite para estar tranquilo e, logo, que dure o que dure”, afirma

ao ser preguntado pola duración da gala, que este ano se emitirá na 1 de TVE sen cortes publicitarios e en rigoroso directo. A mercé dos premios e como un “escravo” dos mesmos, Buenafuente deixarase levar polo guiñón intrínseco da cerimonia, pero encargárase de achegar a “ironía”. “Había tempo que non presentaba a gala un profesional que non fose do cinema”, lembra, admitindo estar “algo nervioso” nos momentos previos.

Por outra banda, os membros da Academia de Cine viron as películas candidatas aos Goya a través de internet, utilizando o sistema

denominado de forma moi directa Veomac (Visionado Especial de Obras para Membros da Academia de Cinema), desenvolvido por Egeda e a páxina web Filmotech.com para as votacións do galardón.

Mediante este sistema, posto en marcha de forma pioneira este ano, os produtores das películas que optaban aos Premios Goya puideron ofrecer aos membros da Academia de Cinema o visionado das longametraxes. Cada académico dispuña dun código persoal –asígnáronse máis de 1.100–, co cal puideron acceder a todas as obras publicadas. **XDG ■**